



CONCELLO DE TORDOIA.- (A

C.I.F. P-1508500-D Teléfonos: 981.69.00.01 E-mail: correo@tordoia.gal https://sede.tordoia.gal/

Dada a necesidade deste Concello de executar o proxecto "OBRAS DE REMATE DE FACHADA E CUBERTA EN CENTRO SOCIAL", elaborado polo Arquitecto Isidro López Yáñez, Colexiado 2261, con data Agosto 2024, con motivo da inclusión no Convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Tordoia, aprobado por Decreto asinado con data 8 de agosto de 2024 (expte. 2024/G003/000234).

Visto que o importe previsto para este contrato como orzamento base de licitación (IVE excluído) ascende á cantidade de 247.605,81 euros, sendo de IVE 51.997,22.- euros o que fai un total de 299.603,03.- euros IVE engadido.

Visto que o órgano de contratación para este contrato é o Alcalde da Corporación.

Dada a característica da obra, parece que o procedemento máis axeitado é o procedemento aberto simplificado, **utilizando os pregos - tipo de cláusulas administrativas particulares** aprobadas expresamente por la Deputación Provincial de A Coruña e **incluíndo os requisitos que fixen as cláusulas do convenio de colaboración suscrito co Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar** e que formarán parte do Prego.

Por todo isto,

DISPOÑO:

PRIMEIRO. Que a interventora emita un informe sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente para os efectos de determinar o órgano competente para contratar.

SEGUNDO. Que a Secretaria emita un informe sobre a lexislación aplicable e sobre o procedemento que hai que seguir.

TERCEIRO. Que se redacte o correspondente prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación adaptado aos pregos tipo da Deputación, utilizando o procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática)

CUARTO. Que a interventora faga a retención de crédito que acredite que existe crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que supón a realización deste contrato e que emita un informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto ou no caso de tramitación anticipada do gasto, emita Informe RC de futuros, con cargo aos Orzamentos.

QUINTO. Que se inicie o procedemento de adxudicación do contrato por procedemento aberto simplificado.

En Tordoia, na data da sinatura dixital.

O ALCALDE

Eduardo Antonio Pereiro Liñares
(asinado dixitalmente)